

OBRADOIRO DE COMPETENCIAS COMUNICATIVAS



Mellora as túas competencias expresivas. Aprende a argumentar, a falar en público e perde o medo escénico a través das diferentes habilidades comunicativas

- ◇ Adquisición dun repertorio amplo de competencias comunicativas.
- ◇ Mellora as túas competencias/habilidades comunicativas.
- ◇ A expresión oral e a escoita como elementos esenciais na convivencia.
- ◇ As habilidades comunicativas como medio de expresión cultural e de aprendizaxe significativa.
- ◇ O discurso verbal e vencer a vergoña ao falar.
- ◇ Mellora da capacidade para expresar e argumentar.

DATA: vernes 8, 15 e 22 novembro

HORARIO: 17-19h

DURACIÓN: 6h

PAZAS: 15

IMPARTE: Di+ Centros formativos

DIRIXIDO A:

Preferentemente mocidade de 16 a 35 anos. Se pasas da idade fai igualmente a solicitude porque terás a oportunidade de acceder a través das diferentes listaxes de agarda.

CRITERIOS DE PREFERENCIA NO ACCESO

1. Ter entre 16 e 35 anos

2. Padrón no Concello de Pontevedra

3. Cumprir o requisito básico para cada acción formativa (nos casos en que exista)

4. Reserva de prazas por discapacidade maior do 33%: en todas as accións formativas reservaranse un mínimo de 2 prazas, sempre e cando cumpran co resto dos requisitos de acceso a esa acción formativa.

5. Listaxe de agarda: confeccionarase para cada acción formativa. Poderán acceder no caso de sobraren prazas e en función dos seguintes criterios

- ◇ Persoas empadroadas no Concello de Pontevedra e maiores de 35 anos.
- ◇ Mocidade de 16 a 35 anos empadroada nos concellos limítrofes.
- ◇ Mocidade de 16 a 35 anos doutros concellos.

CARACTERÍSTICAS DA FORMACIÓN DE PISANDO FORTE

- ◇ Formación impartida en lingua galega.
- ◇ Proba final de avaliación e rigoroso control de asistencia.
- ◇ Formación gratuíta. Pedimos o voso compromiso coa asistencia.

ACREDITACIÓN

Superada a avaliación procederase a tramitar o correspondente CERTIFICADO DE ASISTENCIA polo aproveitamento da formación recibida.

PREINSCRIPCIÓN

apuntate.pontevedra.gal

INFORMACIÓN

Oficina de Xuventude
de 9:30 a 14h na Casa da Luz
Pza da Verdura s/n, 1º
tel. 986840367
xuventude@pontevedra.gal

PISANDO FORTE 2019

Programa de formación
para a mocidade

preferencia **16 - 35 anos**

apuntate.pontevedra.gal

CURSO DE MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS E NORMATIVA DE ALERXIAS E INTOLERANCIAS



Este curso prepara a profesionais que requiran manipular produtos alimenticios para o seu traballo con total seguridade e garantías legais.

- ◇ Hixiene e manipulación de alimentos
- ◇ Seguridade alimentaria. Control da calidade dos alimentos.
- ◇ Alteracións nos alimentos. Deterioro e contaminación
- ◇ Prácticas correctas de hixiene e manipulación de alimentos.
- ◇ Limpeza e desinfección. Disposición e almacenamento de lixo.
- ◇ As alerxias e as intolerancias alimentarias.
- ◇ Recoñecemento de produtos intolerantes ou alérxicos e normativa.

DATA: 12 e 13 novembro
HORARIO: 10-14h
DURACIÓN: 8h
PAZAS: 20

EDUCACIÓN AMBIENTAL E COMPOSTAXE



Formación teórico-práctica na que abordaremos a estratexia da economía circular, directiva marco e plan de xestión de residuos e aspectos biolóxicos. Na parte máis práctica coñeceremos o funcionamento dun composteiro comunitario e visitaremos unha planta de compostaxe.

- ◇ Xestión de residuos.
- ◇ Experiencias de compostaxe caseira e comunitaria.
- ◇ Funcionamento do composteiro.
- ◇ Estratexia de economía circular, directiva marco e plan de xestión de residuos e aspectos biolóxicos.
- ◇ Sistemas de recollida selectiva de biorresiduos.
- ◇ Xestión de residuos baseada na compostaxe. Boas prácticas.
- ◇ Visita e coñecemento dun composteiro. Prácticas.
- ◇ Visita á planta de compostaxe Ecocelta de Pontearreas.

REQUISITO: certificado de ESO
DATAS E HORARIOS: 11, 12 e 13 novembro (9:30-13:30h), 14 novembro (10-13h) e 15 novembro (9-14h)
DURACIÓN: 20h
PAZAS: 15
IMPARTE: Asociación pola Defensa Ecolóxica de Galicia ADEGA

FERRAMENTAS DIXITAIS PARA A XESTIÓN DE PROXECTOS EN EQUIPO. VISUAL THINKING



Formación encamiñada á mellora e actualización da xestión e metodoloxías áxiles de traballo con ferramentas dixitais de xestión de proxectos en equipo. De interese para estudantado, persoal de asociacións, profesionais autónomxs, persoas e todo tipo de entidades que xestionen proxectos.

- ◇ Metodoloxías de xestión eficiente para mellorar a produtividade persoal e dos equipos.
- ◇ Ferramentas dixitais para a xestión de proxectos en equipo.
- ◇ Metodoloxías áxiles.
- ◇ Ferramentas dixitais para desenvolver o visual thinking e o traballo con modelos gráficos.
- ◇ Técnicas de innovación e de creatividade.
- ◇ Resolución creativa de problemas.

DATAS: 4, 6, 11, 13, 18 e 20 novembro
HORARIO: 17-20h
DURACIÓN: 18h
PAZAS: 15
IMPARTE: Xeneme Innovación Social

OBRADOIRO DE TÉCNICAS DE ESTUDO



Aprende técnicas útiles para mellorar o teu proceso de aprendizaxe a calquera idade e nivel educativo. Fortalece as túas habilidades e destrezas de comprensión.

- ◇ Mellora da calidade da aprendizaxe para obter mellores resultados.
- ◇ Fortalece o proceso de aprendizaxe e optimiza o tempo de estudo.
- ◇ Manexo dun amplo repertorio de técnicas e de estratexias de aprendizaxe.
- ◇ Desenvolvemento dun método persoal de estudo.
- ◇ Aprende a organizar e planificar o tempo.

DATAS: luns 4,11,18,25 novembro, 2, 9 e martes 10 decembro
HORARIO: 17-19h
DURACIÓN: 14h
PAZAS: 15
IMPARTE: Di+ Centros formativos